



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Relacións Transfronterizas no Marco da Unión Europea. Introducción ao Dereito Social Portugués

Materia	Relacións Transfronterizas no Marco da Unión Europea. Introducción ao Dereito Social Portugués			
Código	V08M104V01214			
Titulación	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	2c
Lingua impartición	Castelán Galego Outros			
Departamento				
Coordinador/a	Fernández Prieto, Marta			
Profesorado	Fernández Prieto, Marta Ferreira Ribeiro, Ana Teresa da Silva Freitas Gomes Andias Gonçalves, Luisa Maria Nunes de Oliveira Carvalho, Sandra Catarina Pazos Perez, Alexandre Rodriguez Martin Retortillo, Rosa Maria			
Correo-e	mfprieto@uvigo.es			
Web	<a href="http://http://faitic.uvigo.es/">http://http://faitic.uvigo.es/</a>			
Descrición xeral	Estudio das relacións laborais transfronteirizas e transnacionais e das súas implicacións de Seguridade Social así como das principais institucións do Dereito do traballo portugués.			

## Competencias

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
CB4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
CB5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
CG1	Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social
CG2	Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.
CG4	Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.
CG5	Adquirir os coñecementos necesarios nos campos laboral, tributario e de Seguridade Social para prestar servicios de asesoría socio-laboral.
CE1	Asesorar ás PYMES no campo socio-laboral
CE12	Xestionar os procesos de negociación entre as partes da relación laboral co fin de acadar consensos e acordos
CE16	Xestionar as relacións laborais transfronteirizas e transnacionais tan frecuentes no sur de Galicia

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
---------------------------	--------------

Coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente a libre circulación dos traballadores e os problemas trasfronteirizos e as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social portuguesas.

CB2  
CB3  
CB4  
CB5  
CG1  
CG2  
CG4  
CG5  
CE1  
CE12  
CE16

## Contidos

Tema	
Tema I. A libre circulación de traballadores e outras liberdades fundamentais	1. A libre circulación de traballadores: contido esencial. O Regulamento 492/2011. 2. Ámbito subxectivo e limitacións. 3. Libre prestación de servizos e libre establecemento. 4. Desprazamentos transnacionais de traballadores: a Directiva 96/71/CE. A cesión transnacional de traballadores: a Directiva 2008/104/CE. 5. Os dereitos dos nacionais de terceiros países
Tema II. A Seguridade Social dos traballadores migrantes	1. Marco normativo: Reglamentos 883/2004 e 987/2009. A opción pola coordinación dos Sistemas nacionais de Seguridade Social.- 2. Aplicabilidade dos Convenios Bilaterais anteriores.- 3. Determinación da normativa aplicable.- 4. Principios de coordinación dos Sistemas nacionais de Seguridade Social: principio de igualdade, principios de conservación e de exportación extraterritorial de dereitos, principios de totalización dos períodos contizados e de prorrateo das prestacións.
Tema III. Lei aplicable e competencia xudicial	1. A competencia xudicial: o Regulamento UE/1215/2012. 2. Lei aplicable: o Regulamento 593/2008. Doutrina xudicial. 3. Referencia aos traballadores desprazados.
Tema IV. O Dereito do Traballo portugués. A relación individual de traballo	1. Fontes.- 2. O contrato de traballo. Modalidades. Formalización.- 3. O contrato de traballo para estranxeiros. Visados, autorización de residencia e estatuto de residentes de longa duración.- 4. Contido do contrato. Dereitos e obrigas das partes.-Retribución. Duración e organización do tempo de traballo.- 6. Suspensións e outras vicisitudes da relación laboral.- 7. Extinción do contrato de traballo.
Tema V. O Dereito do Traballo portugués. As relacións colectivas de traballo	1. A organización sindical.- 2. A representación dos traballadores na empresa.- 3. A negociación colectiva.- 4. Os conflitos colectivos.- 5. O dereito de folga.
Tema VI.- Rasgos básicos do sistema da Seguridade Social portugués	1. Constitución da relación xurídica de Seguridade Social. Actos de encadramento e cotización. Especial atención ás obrigas empresariais en materia de Seguridade Social.- 2. Liñas fundamentais dos reximes de Seguridade Social.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	40	70
Estudo de casos	8	8	16
Estudo de casos	0	20	20
Exame de preguntas obxectivas	2	42	44

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Lección maxistral	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
-------------------	---

Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Estudo de casos	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	Valorarase a asistencia do alumno, así como, de maneira especial, a participación activa nas sesións, materializada no plantexamento de dúbidas ou cuestións relacionadas coa temática obxecto de estudo. Resultado de aprendizaxe: coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente a libre circulación dos traballadores e os problemas trasfronteirizos e as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social portugueses.	25	CB2 CG2 CE1 CB3 CG4 CE12 CB4 CE16 CB5
Estudo de casos	Ao longo do período docente o alumno realizará catro exercicios prácticos relativos aos contidos da materia. Resultado de aprendizaxe: coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente a libre circulación dos traballadores e os problemas trasfronteirizos e as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social portugueses.	25	CB2 CG2 CE1 CB3 CG4 CE16 CB4 CB5
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas de elección múltiple. Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Resultado de aprendizaxe: coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente a libre circulación dos traballadores e os problemas trasfronteirizos e as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social portugueses.	50	CG1 CE1 CG5 CE16

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Os exames de cada convocatoria terán lugar nas datas e horas indicadas no calendario oficial, debidamente publicado, aprobado pola Comisión Académica do Máster en Xestión e Dirección Laboral para o presente curso.

1ª EDICIÓN DE ACTAS: Os/as alumnos poderán optar por un dos seguintes sistemas de avaliación: a) Avaliación continua. Para someterse ao sistema de avaliación continua, o/a alumno/a deberá acreditar a asistencia a un 80% das sesións presenciais. A efectos de avaliación continua, consideraranse os aspectos seguintes: - Asistencia e participación activa do alumno nas sesións: 25%. - Exercicios prácticos: 25%. - Proba tipo test: 50%. As tarefas e proba de avaliación serán realizadas ao longo do correspondente período de docencia. A suxección ao sistema de avaliación continua, mediante a realización de tarefas e proba escrita sinaladas, EXCLÚE A POSIBILIDADE DE SOMETERSE AO SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL. b) Avaliación final. Aqueles alumnos/as que non se acollan ao sistema de avaliación continua, serán avaliados mediante un exame final consistente nunha proba escrita, relativa a todos os contidos, teóricos e prácticos, da materia. Dito exame representará o 100% da nota final. 2ª EDICIÓN DE ACTAS (xuño/xullo): Poderán acudir á oportunidade de xullo os alumnos/as que, téndose sometido ao sistema de avaliación continua ou ao sistema de avaliación final, non superaran a materia na primeira convocatoria, así como quen non se presentara. De ter optado polo sistema de avaliación continua, as notas acadadas na mesma conservaránse para a convocatoria de xuño/xullo. Agora ben, se o alumno non supera a materia nesta última convocatoria, as citadas notas de avaliación continua non se conservarán, debendo, pois, ben someterse a un novo proceso de avaliación continua, ben optar polo sistema de avaliación final.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

NAVARRO NIETO, F., RODRÍGUEZ-PIÑERO ROYO, M.C., CÓMEZ MUÑOZ, J.M., **Manual de Derecho Social de la Unión Europea**, última edición,

MELÉNDEZ MORILLO-VELARDE, L., PÉREZ CAMPOS, A.I., **Materiales de Derecho Social Comunitario. Teoría y práctica**, última edición,

AMADO, J. L., **Contrato de Trabalho**, última edición,

NOGUEIRA GUASTAVINO, M., FOTINOPOULOU BASURKO, O. y MIRANDA BOTO, J.Mª., **Lecciones de Derecho Social de la Unión Europea**, última edición,

NEVES, I., **Dicionário Técnico e Jurídico de Protecção Social**, 2001,

## **Bibliografía Complementaria**

APARICIO TOVAR, J., **Introducción al Derecho Social de la Unión Europea**, última edición,

BARNARD, C., **EC Employment Law**, última edición,

FERNANDES, A.M., **Direito do Trabalho**, última edición,

GOMES, J., **Direito do Trabalho**, última edición,

HANTRAIS, L., **Social Policy in the European Union**, última edición,

LEITÃO, L. M., **Direito do Trabalho**, última edición,

MARTINEZ, P.R., **Direito do trabalho**, última edición,

NEVES, I., **Direito da Segurança Social - Princípios Fundamentais numa Análise Prospectiva**, última edición,

RAMALHO, R.P., **Direito do Trabalho**, última edición,

## **Recomendacións**

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Mantéñense as metodoloxías docentes (lección maxistral e estudo de casos) substituíndo as aulas física polas aulas virtuais e utilizando, tal e como se realiza coa docencia presencial, a plataforma Faitic como repositorio da documentación

Para a atención das titorías, utilizaranse medios non presenciais -fundamentalmente, os despachos virtuais dos profesores da Universidade de Vigo e, no caso de profesorado externo, correos electrónicos, foros e outros medios virtuais-.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Mantéñense as probas de avaliación (clase maxistral, estudo de casos e proba obxectiva), así como a súa ponderación, tanto se se realizan na modalidade presencial como non presencial.

A asistencia ás clases presenciais substituirase pola asistencia e participación en clase a través do Campus Remoto (25%).

Para a avaliación do estudo de casos utilizarase a plataforma de teledocencia, nos mesmos termos en que se utiliza cando a docencia é presencial (25%).

Se non resulta posible a avaliación presencial, a proba obxectiva de preguntas tipo test será substituída por un cuestionario das mesmas características na plataforma de teledocencia (50%).